



Protocolo de toma de mostras de alcol e drogas en sangue no Servizo Galego de Saúde



Introdución:

O obxectivo deste protocolo é garantir o correcto cumprimento dos requirimentos técnicos, organizativos e médico legais establecidos no noso ordenamento xurídico en relación coa obtención de probas biolóxicas para a análise da alcolemia e/ou presenza de drogas no sangue que se leven a cabo nos centros do Servizo Galego de Saúde.

Quedan excluídas deste protocolo as determinacións de alcolemia ou drogas ordenadas pola autoridade xudicial que se realicen sobre mostras biolóxicas obtidas para levar a cabo unha prestación asistencial. Aclárase unicamente que os laboratorios dos hospitais do Servizo Galego de Saúde manteñen as mostras de sangue con fins clínico-asistenciais durante un máximo de 48h tras a extracción, podendo ser o tempo menor.

Normativa de aplicación:

- *Lei 6/2014, do 7 de abril, que modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.*
- *Lei 18/1989, do 25 de xullo, de bases sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.*
- *Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.*
- *Real decreto 1428/03, do 21 de novembro, Regulamento xeral de circulación.*
- *Orde JUS/1291/2010, do 13 de maio, pola que se aproban as normas para a preparación e remisión de mostras obxecto de análise polo Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.*

Prestación:

Extracción de sangue a persoas conducidas por axentes da autoridade (Policía Nacional, Garda Civil, Policía Local, etc.) e que de forma voluntaria solicitan determinacións de laboratorio para:

- Análises de alcolemia naqueles supostos que imposibilitan a determinación no aire expirado ou de drogas en sangue no caso de causa xustificada.
- Como análise de contraste por solicitude do interesado.

No caso de posibilidade de orde xudicial sobre mostras obtidas con fins terapéuticos, os axentes da autoridade poderán advertir ó centro da necesidade de especial custodia. En tal caso, o profesional do Servizo Galego de Saúde que reciba a dita notificación quedará obrigado á súa transmisión ao responsable da mostra de xeito inmediato.

Metodoloxía:

- Con carácter xeral, a obtención das mostras levarase a cabo nos hospitais públicos (ver anexo 3, centros de obtención e envío de mostras), que serán os encargados de remitir a mostra.
- O solicitante incluírase no Rexistro en Admisión de Urgencias, PAC ou centro de saúde, como terceiro obrigado ao pagamento, co fin de proceder á facturación do procedemento, ben a este, se é para análise de contraste, ben á Administración correspondente.
- Formalizarase unha acta de solicitude de obtención de mostras biolóxicas no formato achegado por parte dos axentes da autoridade.
- O solicitante previamente deberá asinar o consentimento para a extracción. De non asinalo voluntariamente, farase constar na folla de extracción. En ningún caso se forzará a extracción a ningunha persoa contra a súa vontade, salvo con orde expresa da autoridade xudicial.
- O axente da autoridade que conduce o solicitante deberá identificarse co seu número profesional e corpo a que pertence.
- A extracción será realizada sempre en presenza do axente da autoridade.
- A extracción será realizada por persoal de enfermería nas condicións adecuadas para non desvirtuar a proba.

- Débese utilizar xiringa e agulla dun só uso, con antiséptico non alcólico. Nunca se empregará alcol, tintura de iodo ou outros disolventes con fraccións volátiles como desinfectantes.
- Como norma xeral, os tubos de extracción serán os do servizo de saúde. Usaranse preferentemente 2 tubos de 5 ml de tapón gris (fluoruro de sodio e oxalato potásico como anticoagulante), no caso de non dispor destes tubos usaranse tubos de color lila (EDTA como anticoagulante). En ningún caso se deben destaponar os tubos.
- Identificaranse debidamente os tubos coa etiqueta que achegue o membro das forzas de seguridade ou co sistema de identificación que empreguen en cada caso. O volume de extracción será de 10 ml que se repartirán en 2 tubos, 5 ml cada un e procurarase a enchedura dos 2 tubos.
- Asegurarase que os 2 tubos estean ben pechados e inverteranse sen axitar para unha boa mestura do anticoagulante.
- Os tubos identificados introducíranse en sobres acolchados, 1 para cada tubo (subministrados polo hospital), xunto co formulario achegado polas forzas de seguridade e que levará copia da etiqueta ou do sistema de identificación adherida ao tubo.
- Estes sobres pecharanse á vista das partes implicadas, asinando na zona de peche do sobre o extractor, o solicitante e o axente da autoridade. Poñerase cinta adhesiva enriba das sinaturas.
- Asinarase a acta de extracción (anexo 2), e unha copia entregárase ao axente e outra será arquivada polo centro sanitario, de forma conxunta coa folla de consentimento e a solicitude de extracción, por un período non inferior aos 5 anos, momento no que se poderá destruír.
- Os sobres depositaranse nun armario de custodia do laboratorio central do hospital, baixo a supervisión da persoa responsable designada polo hospital.
- Os axentes da autoridade poderán optar voluntariamente pola extracción da mostra fóra dos hospitais (centros de saúde ou PAC) nos que tamén estarán dispoñibles os sobres e tubos. Neste caso os propios axentes, unha vez recollida a mostra, levarán os sobres e as actas correspondentes ao obxecto de que lle sexan recollidas polo sistema de transporte ao servizo do Instituto Universitario de Medicina Legal de Santiago de Compostela.
- Tal e como recolle a normativa de aplicación, o hospital encargárase do envío das mostras, naqueles casos nos que esta sexa obtida no propio hospital. Con carácter xeral, o sobre coas mostras remitirase ao Instituto Universitario de Medicina Legal de Santiago de Compostela (salvo instrución contraria en cada caso), xunto co formulario achegado polas forzas de seguridade. O receptor será o responsable de remitir os resultados ao xulgado de procedencia ou ao corpo de seguridade que tramitase a devandita demanda.
- Aos seis meses da posta en marcha deste procedemento serán avaliados especificamente polas partes participantes os aspectos relativos a volume de demanda de probas de drogas e ao funcionamento de traslado das mostras obtidas nos centros sanitarios diferentes aos hospitais.

Documentación anexa

- Anexo 1: Folla de consentimento de extracción e realización de análises clínicas
- Anexo 2: Acta de extracción de mostras de sangue e/ou recollida de mostra de urina
- Anexo 3: Centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e horarios de funcionamento, onde é posible a obtención da mostra biolóxica e separados por centros responsabilizados do seu envío (hospitais) e centros, optativos para os axentes da autoridade, onde só se leva a cabo a extracción sen posterior envío (centros de saúde e PAC).

Anexo 1

FOLLA DE CONSENTIMENTO DE EXTRACCIÓN E REALIZACIÓN DE ANÁLISES CLÍNICAS

D/Dna.....con DNI nº.....

Estando no centro, pertencente ao Servizo

Galego de Saúde e en presenza do facultativo con nº de colexiado

Unha vez informado do procedemento de recollida de mostras biolóxicas e dos fins para os que se realizan dou a miña AUTORIZACIÓN para a extracción de mostras de sangue (a recollida de mostras de urina límtase soamente ás situacións excepcionais autorizadas) para a realización das probas de detección e determinación de etanol, estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes ou outras substancias análogas, en presenza dos axentes da autoridade.

Para que así conste onde proceda, asino este documento en

....., de de 201

Asdo.:

Solicitante

Asdo.:

Facultativo (selo e nº col.)

Unha copia para o interesado. O orixinal arquívase no centro sanitario.

Anexo 2

ACTA DE EXTRACCIÓN DE MOSTRAS DE SANGUE

Dr/a Col. nº
Enfermeiro/a Col. nº
Instructor..... Nº prof.
Solicitante..... DNI

De conformidade co R.D. 1428/2003, do 21 de novembro, realízase a extracción de mostras de sangue (a recollida de mostras de urina límitase sóamente ás situacións excepcionais autorizadas) para a realización das probas de detección e determinación de etanol, estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes ou outras substancias análogas, entre as que se incluírán en calquera caso os medicamentos ou outras substancias, para a súa remisión ao laboratorio correspondente.

Hora da extracción de sangue e/ou recollida de mostras de urina: /

Conservante utilizado: ☐ FLUORURO DE SODIO E OXALATO POTÁSICO
 ☐ EDTA

Para que así conste onde proceda, asinan esta acta en ,
..... de de 201

Asdo.:
Solicitante

Asdo.:
Facultativo

Asdo.:
Instructor/a

Asdo.:
Enfermeiro/a

Dúas copias, unha para o axente e outra para arquivar no centro sanitario.

Anexo 3

CENTROS DEPENDENTES DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO ONDE É POSIBLE A OBTENCIÓN DE MOSTRAS BIOLÓXICAS.

PROVINCIA DE OURENSE

Centros de obtención e envío de mostras.

CENTRO	HORARIO
Ourense – Complexo Hospitalario	24 horas
O Barco de Valdeorras – Hospital	24 horas
Verín – Hospital	24 horas

Centros opcionais soamente con obtención de mostras

CENTRO	HORARIO
Allariz	24 horas
Amoeiro	Mañá
Arnoia	Mañá
Avión	Mañá
Baltar	Mañá
Bande	24 horas
Baños de Molgas	Mañá
Barbadás – A Valenzá	Mañá
Beade	Mañá
Beariz	Mañá
Blancos, Os	Mañá
Boborás	Mañá
Bola, A	Mañá
Bolo, O	Mañá
Calvos de Randín	Mañá
Carballeda de Avia	Mañá
Carballeda de Valdeorras	Mañá
Carballiño, O	24 horas
Cartelle – Outomuro	Mañá
Castrelo de Miño	Mañá
Castrelo do Val	Mañá
Castro Caldelas	24 horas
Celanova	24 horas
Cenle	Mañá
Chandrea de Queixa	Mañá
Coles	24 horas
Cortegada	Mañá
Cualedro	Mañá
Entrimo	Mañá
Esgos	Mañá
Gomesende	Mañá
Gudiña, A	Mañá
Irixo, O	Mañá
Larouco	Mañá
Laza	Mañá
Leiro	Mañá
Lobeira	Mañá
Lobios	Mañá
Maceda	24 horas
Manzaneda	Mañá
Maside	Mañá
Melon	Mañá
Merca, A	Mañá
Mezquita, A	Mañá
Montederramo	Mañá
Monterrei – Albarellos e Vilaza	Mañá
Muíños	Mañá

Nogueira	Mañá
Oimbra	Mañá
Paderne de Allariz	Mañá
Padrenda – A Notaría e Crespos	Mañá
Parada do Sil	Mañá
Peares, Os	Mañá
Pereiro de Aguiar, O	Mañá
Peroxa, A	Mañá
Petín	Mañá
Piñor	Mañá
Pobra de Trives, A	24 horas
Pontedeiva	Mañá
Porqueira	Mañá
Punxín	Mañá
Quintela de Leirado	Mañá
Rairiz de Veiga	Mañá
Ramirás	Mañá
Ribadavia	24 horas
Riós	Mañá
Rúa, A	Mañá
Rubí	Mañá
San Amaro	Mañá
San Cibrao das Viñas e Ponte Noalla	Mañá
San Cristovo de Cea	Mañá
San Xoán de Río	Mañá
Sandías	Mañá
Sarreaus	Mañá
Taboadela	Mañá
Teixeira, A	Mañá
Toen	Mañá
Trasmiras	Mañá
Veiga, A	Mañá
Verea	Mañá
Viana do Bolo	24 horas
Vilamarín	Mañá
Vilamartin de Valdeorras	Mañá
Vilar de Barrio	Mañá
Vilar de Santos	Mañá
Vilardévós	Mañá
Vilariño de Conso	Mañá
Xinzo de Limia	24 horas
Xunqueira de Ambía	Mañá
Xunqueira de Espadanedo	Mañá

PROVINCIA DE A CORUÑA

Centros de obtención e envío de mostrás.

CENTRO	HORARIO
A Coruña – Hospital	24 horas
Cee - Hospital Virxe da Xunqueira	24 horas
Ferrol – Hospital Arquitecto Marcide	24 horas
Ribeira – Hospital do Barbanza	24 horas
Santiago de C. – Hospital Clínico	24 horas

Centros opcionais soamente con obtención de mostrás

CENTRO	HORARIO
Abegondo	Mañá
Ames – Bertamiráns e O Milladoiro	24 horas
Aranga – A Castellana e Muniferral	Mañá
Ares	Mañá
Arteixo	24 horas
Arzúa	24 horas
Baña, A	Mañá
Bergondo	Mañá
Betanzos	24 horas
Boimorto	Mañá
Boiro	24 horas
Boqueixón	Mañá
Brión	Mañá
Cabanas	Mañá
Cabana de Bergantiños – Cesullas	Mañá
Camarifñas	Mañá
Cambre	24 horas
Capela, A	Mañá
Carballo	24 horas
Cariño	24 horas
Carral	Mañá
Cedeira	24 horas
Cereda	Mañá
Cerdido	Mañá
Cesuras	Mañá
Coirós – Figueiras	Mañá
Corcubión	Mañá
Coristanco	Mañá
Culleredo	24 horas
Curtis – Teixeira	24 horas
Dodro	Mañá
Dumbria	Mañá
Fene	24 horas
Fisterra	Mañá
Irixoa	Mañá
Laracha, A	24 horas
Laxe	Mañá
Lousame	Mañá
Malpica	Mañá
Mañón	Mañá
Mazaricos	Mañá
Melide	Mañá
Mera	Mañá
Miño	Mañá

Moeche	Mañá
Monfero	Mañá
Mugardos	Mañá
Muros	24 horas
Muxía	Mañá
Narón	24 horas
Negreira	24 horas
Noia	24 horas
Oleiros – Santa Cruz e Mera	24 horas
Ordes	24 horas
Oroso	Mañá
Ortigueira	24 horas
Outes	Mañá
Oza dos Ríos	Mañá
Pademe	Mañá
Padrón	24 horas
Pino, O	Mañá
Pobra do Caramiñal, A	24 horas
Ponteceso	24 horas
Pontedeume	24 horas
Pontes, As	24 horas
Porto do Son	24 horas
Rianxo	24 horas
Rois	Mañá
Sada	24 horas
San Sadurniño	24 horas
Santa Comba	24 horas
Sobrado dos Monxes	Mañá
Somozas, As	Mañá
Teo	Mañá
Tordoia	Mañá
Touro	Mañá
Val do Dubra	Mañá
Valdoviño	Mañá
Vedra	Mañá
Vilarmador	Mañá
Vilasantar – Présaras	Mañá
Vimianzo	24 horas
Zas	Mañá

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Centros de obtención e envío de mostras.

CENTRO	HORARIO
Pontevedra – Hospital Provincial	24 horas
Vigo – Hospital Alvaro Cunqueiro	24 horas
Vilagarcía – Hospital do Salnés	24 horas

Centros opcionais soamente con obtención de mostras

CENTRO	HORARIO
Arbo	Mañá
Baiona	Mañá
Barro	Mañá
Bueu	24 horas
Caldas de Reis	24 horas
Cambados	24 horas
Campo Lameiro	Mañá
Cangas	24 horas
Cañiza, A	24 horas
Carballedo	Mañá
Catoira	Mañá
Cerdedo	24 horas
Cotobade – Carballedo e Tenorio	Mañá
Covelo	Mañá
Crecente	Mañá
Cuntis	Mañá
Dozón	Mañá
Estrada, A	24 horas
Forcarei	Mañá
Fornelos de Montes	Mañá
Gondomar	Mañá
Grove, O	24 horas
Guarda, A	24 horas
Illa de Arousa, A	Mañá
Lalín	24 horas
Lama, A	Mañá
Marín	24 horas
Meaño – Meaño e Dena	Mañá
Meis – Paradela, S. Martiño e Mera	Mañá
Moaña	24 horas
Mondariz	Mañá
Mondariz-Balneario	Mañá
Monteporreiro	Mañá

Moraña	Mañá
Mos	Mañá
Neves, As	Mañá
Nigrán	Mañá
Oia	Mañá
Pazos de Borbén	Mañá
Poio – Anafáns, Combarro e Raxó	Mañá
Ponte Caldelas	Mañá
Ponteareas	24 horas
Pontesampaio	Mañá
Porriño, O	24 horas
Portas	Mañá
Redondela	24 horas
Ribadumia	Mañá
Rodeiro	Mañá
Rosal, O	Mañá
Salceda de Caselas	Mañá
Salvaterra de Miño	Mañá
Sanxenxo – Baltar e Vilalonga	24 horas
Silleda	24 horas
Soutelo de Montes	Mañá
Soutomaioir	Mañá
Tomiño	Mañá
Tui	24 horas
Val Miñor	24 horas
Valga	Mañá
Vila de Cruces	Mañá
Vilaboa – Toural	Mañá
Vilanova de Arousa	Mañá

PROVINCIA DE LUGO

Centros de obtención e envío de mostras.

CENTRO	HORARIO
Lugo – Hospital U. Lucas Augusti	24 horas
Burela – Hospital da Costa	24 horas
Monforte de Lemos – Hospital	24 horas

Centros opcionais soamente con obtención de mostras

CENTRO	HORARIO
Abadín	Mañá
Alfoz	Mañá
Antas de Ulla	Mañá
Baralla	Mañá
Barreiros	Mañá
Becerreá	24 horas
Begonte	Mañá
Bóveda (Rubián)	Mañá
Carballedo	Mañá
Castro de Rei	Mañá
Castroverde	Mañá
Cervantes	Mañá
Cervo – Cervo e San Cibrao	Mañá
Chantada	Mañá
Corgo, O	24 horas
Cospeito	Mañá
Courel, O – Folgoso e Seoane	Mañá
Fonsagrada, A	Mañá
Foz	Mañá
Friol	Mañá
Guitiriz	24 horas
Guntín	24 horas
Incio, O	Mañá
Láncara	Mañá
Lourenzá	Mañá
Meira	24 horas
Mondoñedo	24 horas
Monterroso	Mañá
Muras	Mañá
Navia de Suarna	Mañá
Nogais, As	Mañá
Ouro	Mañá

Outeiro de Rei	24 horas
Palas de Rei	24 horas
Pantón	Mañá
Paradela	Mañá
Páramo, O	Mañá
Pastoriza, A	Mañá
Pedrafita	Mañá
Pobra de Brollón, A	Mañá
Pol	Mañá
Pontenova, A	Mañá
Portomarín	Mañá
Quiroga	24 horas
Ribadeo	24 horas
Ribas do Sil	Mañá
Ribeira de Piquín	Mañá
Riotorto	Mañá
Samos	Mañá
Sarria	24 horas
Saviñao, O	Mañá
Sober	Mañá
Taboada	Mañá
Trabada	Mañá
Triacastela	Mañá
Valadouro, O	Mañá
Vicedo, O	Mañá
Vilalba	24 horas
Viveiro	24 horas
Xermade	Mañá
Xove	Mañá

Xunta de Galicia
Servizo Galego de Saúde
Xuño, 2016

Edita: Xunta de Galicia. Servizo Galego de Saúde. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria
D. L.: C 1138-2016

Imprime: Artes Gráficas Lucenses, S.L.



Servizo Galego
de Saúde

Asistencia Sanitaria

Protocolo



FISCALIA C.A.GALICIA



XUNTA
DE GALICIA